

**Calendario académico curso 2009-10**  
**Titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior**  
**Estudos oficiais de GRAO E MÁSTER**  
 Aprobado polo Consello de Goberno do 25 de marzo de 2009

1.- O período lectivo do curso académico comprenderá do día 21 de setembro de 2009 ao 30 de xullo de 2010.

2.- As actividades académicas comezarán e rematarán nas datas seguintes:

Primeiro cuadrimestre:

    inicio: 21 de setembro de 2009

    remate: 3 de febreiro de 2010

Segundo cuadrimestre

    inicio: 4 de febreiro de 2010

    remate: 7 de xuño de 2010

3.- Cando estea previsto a realización de probas de avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades para seren avaliados quedando o calendario recomendado de probas de avaliación organizado en tres períodos:

	Datas de realización de probas	Datas de actas
Primeiro cuadrimestre	do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2010	A data límite de rexistro das cualificacións é o 18 de febreiro de 2010
Segundo cuadrimestre	do 25 de maio ao 7 de xuño de 2010	A data límite de rexistro das cualificacións é o día 25 de xuño de 2010
Xullo	do 1 ao 15 de xullo de 2010	a data límite para a sinatura de actas é o día 26 de xullo de 2010

4.- As clases interromperanse dende o día 21 de decembro de 2009 ata o día 8 de xaneiro de 2010 (ambos os dous incluídos), os días 15 e 16 de febreiro e dende o día 27 de marzo ata o 05 de abril de 2010 (ambos os dous incluídos)

5.- A festividade de San Tomé celebrarase o día 28 de xaneiro de 2009, que será festivo na USC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

6.- Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou xoves celebrarase o luns ou venres máis próximo; e se cadraran en mércores

trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

7.- Son festividade dos centros as seguintes:

- 4 de outubro (S. Francisco de Asís): Fac. de Veterinaria.
- 18 de outubro (S. Lucas): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Medicina).
- 15 de novembro (S. Alberte Magno): Facultades de Bioloxía, Física, Matemáticas, Química e Ciencias.
- 27 de novembro (S. Xosé de Calasanz): E. U. de Formación do Profesorado.
- 8 de decembro (Inmaculada): Fac. de Farmacia.
- 13 de decembro (Sta. Otilia): E. U. de Óptica e Optometría.
- 23 de xaneiro (S. Raimundo de Peñafort): Fac. de Dereito.
- 9 de febreiro (Sta. Apolonia): Fac. de Medicina e Odontoloxía (Lic. en Odontoloxía).
- 24 de febreiro (Xoán Huarte de S. Xoán): Fac. de Psicoloxía.
- 8 de marzo (S. Xoán de Deus): E. U. de Enfermería.
- 9 de marzo (natalicio do Padre Sarmiento): Fac. de CC. da Educación.
- 19 de marzo (S. Xosé): Fac. de Ciencias Políticas e Sociais.
- 5 de abril (S. Vicente Ferrer): Fac. de CC. Económicas e Empresariais e Fac. de Administración e Dirección de Empresas.
- 15 abril (natalicio de Leonardo da Vinci): Escola Técnica Superior de Enxeñería.
- 22 de abril (Día da Terra): Escola Politécnica Superior.
- 26 de abril (S. Isidoro de Sevilla): Facultades de Filoloxía, Filosofía, Humanidades e Xeografía e Historia.
- 1 de maio (Día do Traballo): E. U. de Relacións Laborais.
- 3 de maio (Día da Liberdade de Expresión): Fac. de Ciencias da Comunicación.

8.- Cada Centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá solicitar unha adaptación deste calendario á Secretaría Xeral da Universidade.

9.- As titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de Grao e Máster tras o acordo da Xunta de Centro e comunicación á Secretaría Xeral da Universidade e ao Vicerreitorado de Oferta Docente e EEES.